

## COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

### Texto

Extinguirémonos. Que ninguén teña dúbidas. A especie humana acabará coa súa existencia na terra. Perdón pola profecía pero non teño por que pensar algo distinto. Non o veremos nós nin os nosos netos, pero non falta moito. Están avisando dende hai moito. O capitalismo tiña que decidir entre seguir amasando cartos a conta dun *terricidio* ou parar para tentar revertir unha situación crítica. Tomouse a decisión de seguir. Tomouse a peor das decisións.

Hai décadas que os movementos ecoloxistas están advertindo cara a onde camiña esta raza humana inconsciente. Pero nada. De cando en vez toma o poder algún partido *verde* ou o asunto ecolóxico entra na axenda política. Pero sempre dende un punto de vista moi humilde e nada radical. O sistema pode durmir tranquilo. Eses *hippies* non van acabar co negocio ben montado. Aínda que ese negocio sexa letal. Os gobernos, en mans das grandes corporacións económicas, poden maquillar o desastre que se nos anuncia falando de reducir emisións e non sei que. Poden reunirse. Asinar manifestos. Apoiar declaracións. Encher as cidades con colectores de lixo verdes, azuis, amarelos. Mais é só iso: maquillaxe. O asunto de fondo non se trata.

E o asunto de fondo é o capitalismo. O sistema. A orde que moitos consideran natural das cousas. Porque o capitalismo é insaciable, non ten límite, quere sempre máis. Por iso hai tanto negacionista do cambio climático, entre outros o partido republicano estadounidense, que pode recuperar o poder, con Trump ou con outro, e que, como xa anunciou, vai pechar, se tal consegue, as axudas á redución de emisión de gases de efecto invernadoiro. Como Rajoy, que hai moito tempo dixo que tiña “un primo” que lle asegurara que o cambio climático era un invento. Como Ayuso, que na Asamblea de Madrid asegurou toda cheña de razón unha frase que, máis que un titular, é unha sentenza: “Desde que existe el mundo ha habido cambio climático”. Claro que si. Pero este cambio climático está causado polo ser humano, non por unha glaciación xeolóxica, nin pola caída dun meteorito. Este desastre máis que anunciado, a diferenza dos outros, é perfectamente evitable, reversible. Convénnos, de feito, evitalo, revertelo.

O problema, en definitiva, é o negacionismo. Ou, como se dixo sempre: non hai peor cego que aquel que non quere ver. Semella que non hai futuro, como recolleron os *punkis* nos 70. Extinguirémonos. E témolo moi merecido.

Francisco Castro, *La Voz de Galicia*, 23 de novembro de 2022

### CUESTIÓNS

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 120 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]

## COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

### Texto

Nos extinguiremos. Que nadie tenga dudas. La especie humana acabará con su existencia en la tierra. Perdón por la profecía pero no tengo por qué pensar algo distinto. No lo veremos nosotros ni nuestros nietos, pero no falta mucho. Están avisando desde hace mucho. El capitalismo tenía que decidir entre seguir amasando dinero a cuenta de un *terricidio* o parar para intentar revertir una situación crítica. Se ha tomado la decisión de seguir. Se ha tomado la peor de las decisiones.

Hace décadas que los movimientos ecologistas están advirtiendo hacia dónde camina esta raza humana inconsciente. Pero nada. De cuando en vez llega al poder algún partido *verde*, o algún asunto ecológico entra en la agenda política. Pero siempre desde un punto de vista muy humilde y nada radical. El sistema puede dormir tranquilo. Esos *hippies* no van a acabar con el negocio bien montado. Aunque ese negocio sea letal. Los gobiernos, en manos de las grandes corporaciones económicas, pueden maquillar el desastre que se nos anuncia hablando de reducir emisiones y no sé qué. Pueden reunirse. Firmar manifiestos. Apoyar declaraciones. Llenar las ciudades con contenedores de basura verdes, azules, amarillos. Pero es solo eso: maquillaje. El asunto de fondo no se trata.

Y el asunto de fondo es el capitalismo. El sistema. El orden que muchos consideran natural de las cosas. Porque el capitalismo es insaciable, no tiene límite, quiere siempre más. Por eso hay tanto negacionista del cambio climático, entre otros el partido republicano estadounidense, que puede recuperar el poder, con Trump o con otro, y que, como ya anunció, va a cerrar, si lo consigue, las ayudas a la reducción de emisión de gases de efecto invernadero. Como Rajoy, que hace mucho tiempo dijo que tenía “un primo” que le había asegurado que el cambio climático era un invento. Como Ayuso, que en la Asamblea de Madrid aseguró toda llena de razón una frase que, más que un titular, es una sentencia: “Desde que existe el mundo ha habido cambio climático”. Claro que sí. Pero este cambio climático está causado por el ser humano, no por una glaciación geológica, ni por la caída de un meteorito. Ese desastre más que anunciado, a diferencia de los otros, es perfectamente evitable, reversible. Nos conviene, de hecho, evitarlo, revertirlo.

El problema, en definitiva, es el negacionismo. O, como se dijo siempre: no hay peor ciego que aquel que no quiere ver. Parece que no hay futuro, como recogieron los *punkis* en los 70. Nos extinguiremos. Y lo tenemos muy merecido.

Francisco Castro, *La Voz de Galicia*, traducido, 23 de noviembre de 2022

### CUESTIONES

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 120 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]